



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

www.cig-ensino.gal

Novembro 2017

A CIG-Ensino logra na Mesa de Negociación das vacantes que a Consellaría aumente en 39 as prazas do Concurso Específico de Orientación

Desde o sindicato puxémonos en contacto con todos os centros afectados para facer unha proposta “seria e realista”, algo que logramos grazas á colaboración das direccións e do profesorado.

O venres 3 de novembro mantivemos unha reunión co subdirector xeral de Recursos Humanos para negociar a inclusión dun maior número de prazas de xefatura de departamento de orientación de infantil e de primaria no vindeiro Concurso Específico de Orientación. Esta reunión fora comprometida pola Consellaría na pasada Mesa Sectorial a instancias da CIG-Ensino. Previamente desde o sindicato enviáuselle á Subdirección Xeral unha listaxe completa de todos os centros que deberían dotarse cunha praza definitiva neste concurso.

Froito da reunión logramos sacar da Consellaría o compromiso de aumentar en 42 o número de prazas que saíran a concurso. Esta cifra supón un incremento do 44% das vacantes inicialmente propostas no borrador da Orde da convocatoria. Porén, a administración eliminou tres destas prazas (CEIP de Viñas de Poio, CEIP de Cespón de Boiro e CEIP de Pobra de Brollón) na publicación da Orde argumentando que xa hai orientador/a definitivo/a no centro compartido, nos dous primeiros casos, ou escaseza de matrícula no centro lucense. Desde a CIG-Ensino seguimos mantendo a necesidade de sacar vacantes definitivas nestes tres centros.

A administración tamén se comprometeu, a proposta da CIG-Ensino, a publicar no anexo do Concurso os centros adscritos, pero advertindo que poden variar de ano en ano e que actualizará as posibles resultas dos centros. Así pois, as prazas que saíran no anexo do concurso a maiores das xa publicadas no borrador son as seguintes:

PROVINCIA	CONCELLO	CENTRO
A Coruña	A Coruña	CEIP Rosalía de Castro
A Coruña	A Laracha	CEIP Alfredo Brañas
A Coruña	Arzúa	CEIP Arzúa
A Coruña	Cambre	CEIP Wenceslao Fdz Flores
A Coruña	Cariño	CEIP Manuel Fraga
A Coruña	Fene	CEIP Centieiras
A Coruña	Ferrol	CEIP Juan de Lángara
A Coruña	Fisterra	CEIP Mar de Fóra
A Coruña	Muros	CEIP Ricardo Tobío

PROVINCIA	CONCELLO	CENTRO
A Coruña	Muxía	CEIP Os Muíños
A Coruña	Santiago	CEIP Vite
Lugo	Becerreá	CEIP San Xoán
Lugo	Guitiriz	CEIP Lagostelle
Lugo	Meira	CEIP de Meira
Lugo	Rábade	CEIP Otero Pedrayo
Lugo	Quiroga	CEIP de Quiroga
Ourense	Cortegada	CEIP Otero Novas
Ourense	Riós	CEIP das Vendas da Barreira
Pontevedra	A Lama	CEIP A Lama
Pontevedra	Cambados	CEIP Castrelo
Pontevedra	Marín	CEIP A Laxe
Pontevedra	Moaña	CEIP Abelendo
Pontevedra	Moaña	CEIP Seara
Pontevedra	Pontecaldelas	CEIP A Reigosa
Pontevedra	Pontevedra	CEIP Santo André de Xeve
Pontevedra	Pontevedra	CEIP Príncipe Felipe
Pontevedra	Pontevedra	CEE Príncipe Felipe
Pontevedra	Pontevedra	CEIP Manuel Vidal Portela
Pontevedra	O Porriño	CEIP da Cruz-Budiño
Pontevedra	Tomiño	CEIP Pintor Antonio Fernández
Pontevedra	Tomiño	CEIP Sobrada
Pontevedra	Tui	CEIP N°1
Pontevedra	Tui	CEIP de Randulfe
Pontevedra	Vigo	CEIP Santa Mariña
Pontevedra	Vigo	CEIP Santa Tegra-Teis
Pontevedra	Vigo	CEIP Alfonso Rodríguez Castelao
Pontevedra	Vigo	CEIP Igrexa-Baladares
Pontevedra	Vigo	CEIP A Doblada
Pontevedra	Vilagarcía de A.	CEIP A Escardía

Desde a CIG Ensino seguiremos a loitar para que se aumente o número de Departamentos de Orientación nos centros galegos dotados con carácter definitivo, nomeadamente nos seguintes, que formaban parte do estudo de prazas que lle trasladamos á Consellaría.

PROVINCIA	CONCELLO	CENTRO
A Coruña	A Capela	CEIP Mosteiro de Caaveiro
A Coruña	Boiro	CEIP de Cespón
A Coruña	Fene	CEIP O Ramo
A Coruña	Ferrol	CEIP San Xoán de Filgueiras
A Coruña	Ferrol	CEIP Masdías
A Coruña	Moeche	CEIP San Ramón
A Coruña	Narón	CEIP Virxe do Mar
A Coruña	Oroso	CEIP do Camiño Inglés
Lugo	Sarria	CEIP Antonio Fernández López-Oural
Lugo	A Pobra de Brollón	CEIP A Pobra de Brollón
Ourense	Ourense	CEE Miño
Pontevedra	Bueu	CEIP A Torre-Cela
Pontevedra	Caldas de Reis	CEIP San Clemente de César
Pontevedra	Cangas	CEIP A Rúa
Pontevedra	Cotobade	CEIP Tenorio
Pontevedra	Covelo	CEIP Antonio Blanco Rodríguez
Pontevedra	Poio	CEIP Viñas
Pontevedra	Pontevedra	CEIP Ponte Sampaio
Pontevedra	Redondela	CEIP Alexandre Bóveda
Pontevedra	Silleda	CEIP Ramón de Valenzuela

Entendemos que a escusa da Consellaría de estar á espera, en determinadas zonas, de como quede finalmente a rede de centros con orientación non se sostén por máis tempo e, aínda que entendemos que o incremento de vacantes é importante, non cumpre o noso obxectivo de cara a esta convocatoria de 2018, que non era outro que dotar todos os centros que actualmente contan con profesorado provisional con profesorado definitivo.

Reivindicacións na Mesa Sectorial

Na CIG-Ensino entendemos que os centros de Educación Infantil e de Primaria de máis de seis unidades deberían ter o seu propio departamento de Orientación. Pero isto non é así, e a Consellaría só dota con departamento propio aos centros que teñen doce unidades de Educación Primaria, xa que as de Educación Infantil non as teñen en conta. É obvio que un primeiro paso na liña de ampliar o servizo de orientación pasaría por dotar do mesmo os centros con 12 unidades en total, ampliando con máis postos a partir das 18 unidades. Hai centros hoxe en día que polo seu tamaño e masificación precisan contar xa con outra persoa de orientación, pendente de que se acepten as propostas de maior dotación a nivel xeral.

O compartimento de centros, que para a CIG-Ensino debería ter carácter excepcional, pasou nos últimos anos a ser habitual. Nos destinos provisionais de Primaria adxudicáronse 118 itinerancias de 166 prazas en total. Na oferta de vacantes do concurso de orientación deste ano confirmáronse a compartición de centros. Para a CIG-Ensino só se poderían incluír centros incompletos que terían que estar na mesma zona de escolarización. Demandamos que se comparta excepcionalmente só cun centro e que se teña en conta, ademais do número de unidades, o alumnado que se vai atender e as distancias entre os centros.



Orientación
educativa

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal